

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE
SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA.**

ARTIGO 1º FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello do Corgo establece a taxa polo subministro de auga domiciliaria e os dereitos de enganche á rede da traída municipal, a que se refire o artigo 20 apartado 1 letra B e apartado 4, letra t), e que se reixerá pola presente ordenanza, sen prexuízo das determinacións que se poidan establecer no regulamento do servizo.

ARTIGO 2º FEITO IMPOÑÍBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de subministración de auga en alta, os dereitos de enganche á rede da traída municipal e a distribución de auga domiciliaria a vivendas, aloxamentos, e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos e inmobles desocupados.

ARTIGO 3º EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Non se recoñecen máis exencións e beneficios fiscais que os derivados de normas con rango de lei ou da aplicación de Tratados Internacionais, así como a exención dos subministros a inmobles de propiedade municipal (xardíns públicos, centros educativos, sanitarios, asistenciales, etc. sempre que sexan propiedade do Concello).

ARTIGO 4º SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de

decembro, Xeral Tributaria, que soliciten o resulten beneficiadas o afectadas polo servizo municipal de subministro de auga domiciliaria.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas tributarias satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo. En consecuencia, os recibos pola recepción deste servizo municipal se expedirán a nome do propietario e será responsable ante esta Entidade dos descubertos que se poidesen producir.

ARTIGO 5º RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 6º COTA TRIBUTARIA

(Artigo modificado por acordo do Pleno do día 29 de decembro de 2006, - publicado no BOP nº15 do 19 de xaneiro do 2007- por acordo do Pleno do 27 de novembro do 2008 –BOP nº64 do 20 de marzo do 2009-, e por acordo do Pleno do 5 de marzo do 2015- BOP nº 81, do 11 de abril do 2015-)

Con base ó feito imponible definido no Art. 2 desta ordenanza, a cota tributaria desta taxa queda fixado nas seguintes tarifas:

1.- Cota fixa: *12 € ao semestre.*

Pagarase en concepto de telo entroke ou acometida á rede municipal, sempre que o usuario estea dado de alta no servizo, previa autorización municipal, de conformidade coas indicacións relacionadas no Art. 7 desta ordenanza.

2.- *Redes de auga entroncadas á rede xeral municipal con captación no río Tórdea*

2.1.- Cota variable en base os m³ consumidos nun periodo *semestral.*

3.- *Entronques a outras redes xerais municipais que non teñan a súa captación no río Tórdea.*

3.1. *Cota variable en base aos m³ consumidos nun periodo semestral:*

TARIFAS FINAIS CON IVE

Ano	Prezo m ³ con amortización	Prezo m ³ final con IVE
1	0,10	0,11
2	0,10	0,11
3	0,11	0,12
4	0,12	0,13
5	0,12	0,13
6	0,13	0,14
7	0,14	0,15
8	0,15	0,16
9	0,15	0,16
10	0,15	0,16
11	0,15	0,16
12	0,15	0,16
13	0,15	0,16
14	0,15	0,16
15	0,15	0,16
16	0,15	0,16
17	0,15	0,16
18	0,15	0,16
19	0,15	0,16
20	0,15	0,16

3.2.- Aos entronques realizados nestas redes municipais, non se lles aplicará a cota fixa establecida no apartado nº1 deste artigo.

4.- Os custos dos entronques a redes municipais serán de conta do solicitante, e ascenderán a 479,74 € por entronque.

5.- En concepto de verificación polos técnicos municipais, os entronques ou as acometidas á rede xeral de subministro devengarán unha taxa por un importe fixo de 60 €, por unha soa vez.

ARTIGO 7º.- DEVENGO

(Artigo modificado por acordo do Pleno do día 29 de decembro de 2006, e publicado no BOP nº15 do 19 de xaneiro do 2007)

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se decreta polo Alcalde-Presidente do Concello o alta no servizo municipal de subministro de auga, na forma establecida no Art. seguinte.

No suposto de que se solicite o entonque, pero non a alta no servizo, se devengarán a taxa unha vez que se verifique polos técnicos municipais a acometida realizada, na forma establecida no regulamento do servizo.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, e unha vez que os interesados fosen dados de alta, as cotas tributarias devengaranse o primeiro día de cada *semestre* natural, segundo o consumo realizado. Se o inicio da prestación do servizo, ou o alta en este, tivese lugar con posterioridade a dita data, a taxa devengarase o primeiro día do *semestre* seguinte, computándose ós efectos da súa liquidación o consumo realizado desde o momento de alta ou posta en funcionamento do servizo, e a cota fixa desde o primeiro día do *semestre* seguinte á alta ou posta en funcionamento do servizo.

3. As cantidades esixibles en concepto de cota fixa de acordo coas tarifas serán irreductibles polo período sinalado en caso de baixa, aínda que o interesado a solicítase en datas diferentes o primeiro día do período fixado.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 8º DECLARACIÓNS DE ALTA, BAIXA E MODIFICACIÓN.

1.- Toda persoa física o xurídica interesada, se quere beneficiarse do servizo, deberá presentar no Rexistro de entrada do Concello unha solicitude por escrito, que deberá vir acompañada do número de contador, da documentación acreditativa de que o mesmo está verificado e precintado pola Consellería de Innovación e Industria, ou órgano que o substitúa, e do boletín da correcta instalación interior, expedido por fontareiro autorizado.

Tamén virá obrigado a declarar toda alta, baixa ou modificación que poda afectar á tarifa a aplicar, así como a liquidación da correspondente taxa como consecuencia da prestación do servizo.

No escrito de solicitude de alta, modificación ou baixa, o interesado deberá indicar inexcusablemente o seu domicilio ós efectos tributarios, que será:

- a) Para as persoas naturais, o da súa residencia habitual;
- b) Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social.

En caso de cambio de domicilio, os interesados deberán poñelo en coñecemento do Concello.

Se o solicitante residise no extranxeiro, deberá designar un representante, indicando o seu domicilio habitual, co fin de que os servizos municipais teñan unha persoa de contacto para resolver os problemas que xurdan na prestación do servizo.

No suposto de que o interesado que solicite a alta, modificación ou baixa, non fose o propietario da edificación á que se pretende se lle dea servizo, deberá inexcusablemente indicar na súa solicitude o nome, apelidos e domicilio do propietario. A falta desta indicación será motivo suficiente para denegar a solicitude.

2.- Se se solicita a modificación por cambio no suxeito pasivo ou no uso, deberán achegarse os documentos que xustifiquen tal modificación, a fin de que no expediente obren os datos precisos para a aplicación da tarifa

correspondente, previa verificación dos servicios municipais, e posterior modificación do padrón de suxeitos pasivos.

3. Se se solicita a baixa, procederáse a decreta-lo solicitado, ordeando o corte do suministro, debendo o interesado volver a pagar os dereitos de enganche e verificación que correspondan.

As altas, modificacións e baixas producirán os efectos económicos segundo o establecido no art. 7.

4. Os substitutos do contribuínte poderán designar un representante para os efectos da notificación dos recibos. Neste caso, a notificación individual practicada ao representante, ou colectiva, que se realice mediante edictos, cando proceda legalmente, entenderase efectuada tamén ao substituto, sen que altere as obrigas que se deriven da relación tributaria.

ARTIGO 9º PADRÓN DA TAXA.

1. As declaracións de alta ou modificación presentadas, así como as liquidacións de oficio sinaladas no artigo 9, suporán a incorporación do suxeito pasivo ao correspondente padrón de suxeitos pasivos ou substitutos do contribuínte da taxa referida.

2. A liquidación desta taxa, efectuarase mediante recibo.

3. A cota tributaria aboarase nos prazos que se determinen polo órgano competente, e na oficina bancaria que se sinale ou mediante domiciliación bancaria.

4. O cobro das cotas realizarase por trimestres naturais, sen que sexa necesaria a notificación individual das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente.

5. Previamente a apertura do prazo de ingreso en voluntaria, o órgano competente aprobará e ordeará a exposición ao público da lista cobratoria na que se relacionará os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, ós efectos de información pública e para presentación de posibles reclamacións, que serán resoltas segundo proceda. Trascorrido o prazo de exposición ó público non se admitirán reclamacións, liquidándose a cota tributaria do padrón aprobado definitivamente, sen prexuízo da interposición

dos recursos administrativos que correspondan contra ó acto de aprobación definitiva do lista cobratoria.

ARTIGO 10º ACTUACIÓN DE OFICIO

1. A Administración municipal liquidará de oficio, e incluírá no padrón, a tódolos suxeitos pasivos que non presentasen a correspondente declaración de alta no servizo, e estean consumindo auga das traídas municipais, sen prexuízo doutras medidas que se puidesen adoptar, como o corte do subministro.

Agás proba en contrario, cuxa carga corresponderá ó consumidor clandestino, a liquidación mínima equivalerá a un consumo de 250 litros diarios, e abranguerá un periodo de 1 ano a contar retroactivamente desde data na que os servizos municipais descubriaran este aproveitamento, debendo liquidarse as cotas fixas que correspondan nun periodo anual.

ARTIGO 11º INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, atenderase ao disposto na Lei xeral tributaria e normas que a desenvolven, así como as que poda establecer este concello na ordenanza reguladora do servizo.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. As tarifas establecidas no artigo 6 da presente ordenanza, incrementaranse anualmente o IPC anual, con referencia ó 1 de xaneiro de cada ano, non sendo preciso a notificación individual ós suxeitos pasivos das tarifas derivadas destes incrementos.
2. Agás disposición da Comunidade autónoma, as actualizacións das tarifas ó IPC referiránse únicamente ó precio polo volumen da auga consumida e a cota fixa de abono; non as cotas de amortización.
3. Non obstante, as citadas tarifas e, no seu caso, cotas de amortización veránse incrementadas nos correspondentes importes, cando así o esixa unha Lei estatal ou autonómica, ou o estableza unha norma dictada pola Administración Xeral do e Estado ou da Comunidade Autónoma galega.

4. O importe das taxas a liquidar polos correspondentes consumos ós beneficiarios cuxas fincas estean entroncadas e dados de alta na traída de augas que este Concello ten na parroquia de Escoureda (barrio de Rego), empatada á rede do Concello de Láncara, serán iguais as que fixe este na súa ordenanza fiscal .
5. O custo dos entronques ou acometidas á rede de transporte e distribución municipal, será sufragado e contratado polos solicitantes beneficiarios do servizo, que deberá ser autorizada polo concello coas condicións técnicas correspondentes, agás as solicitudes de entronque que se fixeron con anterioridade á aprobación desta ordenanza municipal.
6. En caso de usos especiais, a que se refire o Regulamento do Servizo, que sexan autorizados polo concello, previa petición polo interesado, estimárese un consumo diario de 300 litros día, e liquidarase a taxa polo importe da tarifa establecida para cada m³, incluída a amortización, e demais conceptos que esixa a normativa vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada por acordo do Concello Pleno de 28 de xullo de 2006, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de setembro de 2006. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

REGULAMENTO DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA A DOMICILIO

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. O subministro de auga potable a domicilio rexerese polas disposicións deste Regulamento, redactado de conformidade co establecido na lexislación de Réxime Local.

ARTIGO 2. O Concello realizará o subministro de auga potable a domicilio, á solicitude dos interesados nas condicións que este Regulamento indica, establecéndose unha relación de suxeición especial con estes.

O subministro realizado polo Concello, ben en xestión directa como indirecta, confire unicamente a facultade de consumir auga para o fin e na forma que fora solicitada e correlativamente autorizada; calquera alteración somete ó beneficiario do servizo ás penalidades consignadas neste Regulamento.

ARTIGO 3. As autorizacións formalizaranse, no seu caso, nunha póliza ou contrato de adhesión, subscripta por duplicado, entre o beneficiario e a Administración Municipal. Innovacións ou modificacións posteriores anularán a autorización primitiva e darán lugar a unha nova póliza. A negativa a asinar esta entenderase como renuncia ó aproveitamento, e levará implícito o corte do servizo, e para restablecelo deberá volver a solicitalo e pagar unha nova cota en concepto de verificación.

ARTIGO 4. A firma da póliza obriga ó aboado ó cumprimento das súas cláusulas, das condicións da autorización e deste Regulamento, ó pago das taxas que correspondan, segundo as tarifas vixentes no momento da liquidación, e ó uso da auga para o fin e na forma autorizada.

ARTIGO 5. Os propietarios dos inmobles son solidariamente responsables dos subministros da auga que se realicen ós mesmos, aínda que non o solicitaran nin fosen consumidos por eles.

ARTIGO 6. Os solicitantes non propietarios deberán comunicar ó Concello os datos a que se refire o Art. 8 da ordenanza fiscal, ademais obríganse a comunicar ós titulares dos inmobles a responsabilidade que adquiren. En calquera momento, o Concello poderá esixirlles que acrediten haber cumprido esta obriga, reservándose, en todo caso, o dereito de esixir fianza, aval bancario o doutra natureza, ó seu arbitrio, que garanta o cumprimento das obrigas adquiridas.

TITULO II.- DOS APROVEITAMENTOS EN XERAL

ARTIGO 7. A utilización do subministro da auga farase tomando o aboado a que necesite, sen limitación algunha, determinándose o volume consumido mediante un aparato contador verificado e precintado na forma establecida na ordenanza fiscal.

O Concello poderá establecer restriccións e cortes do subministro por razóns de interese público, sen que os usuarios teñan dereito a indemnización algunha, xa que as autorizacións de aproveitamento o son en precario.

ARTIGO 8. Os usuarios son responsables do cumprimento das disposicións deste regulamento por si e por cantas persoas se atopen nos seus locais ou vivendas, así como de tódolos danos e prexuízos que calquera deles poidan causar as instalacións do servizo.

ARTIGO 9. Os aboados terán que comunicar no seu escrito de solicitude o seu domicilio, nos mesmos termos cos establecidos no Art. 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro de auga domiciliaria.

ARTIGO 10. A autorización do Concello de alta no servizo producirá o alta automática do substituto do contribuínte, é dicir, o propietario do inmovle receptor do servizo de subministro de auga, no padrón correspondente de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, nos termos establecidos na ordenanza fiscal reguladora da taxa de recollida de lixo.

ARTIGO 11. As autorizacións de alta no servizo serán por tempo indefinido sempre e cando o autorizado cumpra co sinalado no presente regulamento, e na ordenanza fiscal correspondente e, no seu caso, ó especificado na póliza; pola súa parte, o aboado pode, en calquera momento, renunciar ó subministro, previo aviso con anticipación de 6 meses á data na que desexe que remate. Chegada a mesma, procederase ó corte do subministro e a formular unha liquidación definitiva; con seu pago, darase por rematada a vixencia da póliza.

ARTIGO 12. Cada autorización irá referida a unha finca ou servizo e a súa correspondente toma.

ARTIGO 13. Os diferentes usos a que se destine a auga, clasificaranse nas seguintes clases e categorías:

A) Usos domésticos:

1. Usos domésticos en domicilios particulares e edificios que non teñan piscina e/ou xardín.
2. O mesmo cando os edificios teñan piscina e/ou xardín.

B) Usos non domésticos:

1. Usos industriais.
2. Usos especiais.
3. Usos en edificios públicos.
4. Usos agropecuarios.

A ordenanza fiscal da taxa pola prestación deste servizo será a que determine, no seu caso, as diferentes tarifas para todos ou algún dos usos expresados, sen prexuízo de que non estableza diferencias entre as distintas clases ou categorías relacionadas no parágrafo anterior.

ARTIGO 14. Enténdese por usos domésticos tódalas aplicacións que se dean a auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal e doméstica; tamén considéranse dentro deste grupo o consumo para rego de xardíns, recheo de piscinas, etc., en domicilios particulares.

ARTIGO 15. Enténdese por usos industriais o subministro de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, independentemente da actividade ou industria que se exerza nel. Dentro deste grupo incluírase os consumos para enchidos de piscinas e regos de xardíns de hoteis, moteis, casas de turismo rural, ou outras edificacións e instalacións do mesmo tipo.

A estes efectos consideraranse tamén como industriais, non soamente as instalacións en locais ou establecementos independentes, senón aquelas industrias domiciliarias instaladas nas propias vivendas.

As altas no servizo para usos industriais levarán comprendida implicitamente outra para os usos domésticos propios do establecemento ou vivenda na que se exerza a industria, sempre que se realice no mesmo edificio en dependencias que non teñan acceso independente desde a rúa.

Os usos agropecuarios, refírense ós que subministran auga ás explotacións agropecuarias. As altas neste servizo levarán comprendida automaticamente a alta para os usos domésticos, sempre que as instalacións (establos, alpendres, etc.) estean situados na mesma finca catastral que a vivenda residencia habitual do gandeiro titular da explotación. Este extremo deberá ser acreditado.

Agás as excepcións anteriores, o solicitante virá obrigado a independiza-las instalacións e colocar contadores independentes.

ARTIGO 16. Os usos especiais terán como finalidade atender servizos públicos, sexan ou non de competencia das entidades locais, e/ou estean

prestados por éstas ou por outras entidades ou persoas xurídico públicas ou privadas, por calquera das formas previstas na vixente lexislación.

Tamén se considerarán usos especiais, os aproveitamentos da auga da rede de subministro en casos de urxencia.

Os aproveitamentos para usos especiais serán autorizados fixándose en cada caso concreto as condicións das mesmas.

Unicamente en casos de urxencia, e sempre que a utilización vaia a ser **por seis días ou menos** poderá concederse a tanto alzado diario, tomándose as medidas oportunas sobre limitadores, chaves, etc., que se estimen procedentes, sen prexuízo de que o usuario instale un contador verificado e precintado pola Consellería de Innovación e Industria, ou de que o Concello llo impoña.

ARTIGO 17.- Corresponderá ó Concello establecer, en cada caso concreto, atendendo á forma e finalidade do servizo solicitado, a calificación do mesmo, as condicións da autorización, así como o importe das taxas pola prestación deste servizo.

TITULO III.- CONDICIÓN DAS AUTORIZACIÓN.

ARTIGO 18. Ningún usuario poderá disfrutar da auga a caño libre, agás o suposto de urxencia establecida no Art.16.

ARTIGO 19. Ningún aboado poderá destinar a auga a outros fins distintos dos que se lle autorizaron, quedando prohibida, total ou parcialmente, a súa cesión gratuíta ou a reventa a outros particulares, agás casos de calamidade pública ou incendio.

ARTIGO 20. Tódalas fincas deberán ter, obrigatoriamente, unha toma directa para o subministro desde a rede xeral.

ARTIGO 21. De existir urbanizacións pechadas, que sexan subministradas polo Concello, estas quedan obrigadas a instalar un contador xeral á entrada da urbanización, sen prexuízo de instalar, pola conta e risco dos seus veciños, os contadores individuais para cada parcela ou finca que constituía urbanización.

Para que se autorice o subministro a estas, ós titulares da urbanización deberán constituírse en comunidade de propietarios, acreditando este extremo ante o órgano competente do Concello, respondendo solidariamente calquera dos seus membros dos importes dos consumos totais da urbanización. O Concello poderá esixir un aval ou garantía a esta, no importe que estime axeitado e proporcional a estimación do seu consumo.

ARTIGO 22. Os contadores de auga serán adquiridos e instalados polos usuarios ó seu cargo.

ARTIGO 23. Os contadores, antes da súa instalación, serán contrastados e precintados oficialmente pola Delegación da Consellería de Innovación e Industria, ou órgano que o substitúa, a costa dos usuarios.

ARTIGO 24. Se o curso das augas experimentase nalgunhas partes, o en toda a rede, variacións e interrupcións pola sequía, xeadas, reparacións por avarías, escasez ou insuficiencia do caudal, ou calquera outros semellantes, os usuarios non poderán facer reclamación algunha, sexa cal sexa o tempo que dure a interrupción do servizo, entendéndose neste sentido que a autorización do subministro faise sempre a título de precario, seguindo os autorizados receptores do servizo obrigados a paga-la cota fixa de abono e os m³ consumidos, segundo resulte da lectura do contador.

Todo elo sen prexuízo de que o órgano competente, proceda en caso de avaría a ordena-la reparación con carácter inmediato, e se adopten as medidas técnicas e sanitarias procedentes.

No caso de que houberse necesidade de restrinxir o consumo de auga por seca, as autorizacións para usos domésticos serán as últimas ás que lles afectará.

En calquera caso, as restriccións do servizo tampouco darán dereito de indemnización a ningún usuario, sexa de tipo doméstico, industrial, especial, etc.

TITULO IV.- OBRAS E INSTALACIÓNS, LECTURAS E INSPECCIÓN.

ARTIGO 25. O Concello, por medio dos seus empregados ou axentes, ten a potestade de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparellos do servizo de augas, tanto en vías públicas ou privadas como en fincas particulares, e ningún aboadado poderá opoñerse á entrada as súas propiedades, agás no domicilio, para a inspección do servizo, que deberá levarse a cabo en horas de luz solar, agás casos graves ou urxentes, a xuízo da Alcaldía.

Tal potestade enténdese limitada ás tomas de auga, á rede xeral e a posible existencia de inxertos ou derivacións non controladas e autorizadas, usos distintos do solicitado e defraudacións en xeral. No caso de que fose preciso entrar no domicilio haberá de solicitarse inescusablemente a previa autorización xudicial.

Nos casos de negativa á inspección, salvo no suposto de entrada no domicilio antes referido, procederase ó corte do subministro, e para restablecelo o aboadado deberá autoriza-la inspección, e pagar o total do importe dos dereitos de verificación e os gastos que se causaran, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera lugar, de atopar algunha anomalía, infracción ou defraudación.

ARTIGO 26. As obras de acometida á rede xeral de subministro e as das instalacións precisas, como as das tubarias desde aquela, contador e pezas para a conducción da auga ata o contador, serán de conta do usuario.

En todo caso, as instalacións terán as seguintes condicións:

1º.- A acometida constará dunha arqueta de dimensións mínimas de 30x30, con soleira de formigón en masa, tapa de fundición recibida con morteiro, collarín de toma, chave de paso, tubaria coa lonxitude e sección que sexa precisa.

As obras precisas para realiza-lo entronque ou acometidas, así como a súas instalacións serán realizadas polo Concello por conta dos usuarios, comezando a propiedade particular a partir da chave de paso, polo que o seu mantemento e conservación corresponderalles a aqueles.

2º.- Nun lugar distinto do entronque e visible desde a vía pública, instalarase un armario de poliéster, de tipo de parede no que irá colocado o contador, e só se fose necesario, unha válvula reductora de presión e un mecanismo que impida o retorno da auga á rede xeral municipal.

Os contadores deberán ser verificados e precintados pola Consellería de Innovación e Industria.

Estas instalacións e aparellos medidores son de titularidade privada, correspondendo ós seus titulares o seu mantemento e conservación, segundo as instrucións técnicas que dicte o Concello.

O resto das obras no interior da finca da súa propiedade, o usuario poderá facelas libremente, aínda que o Concello poida dictar normas de carácter xeral para a seguridade e bo funcionamento do servizo, en todo caso aplicaranse os regulamentos de instalacións sanitarias e disposicións análogas.

ARTIGO 27. Todas as obras que se pretendan facer polos usuarios nas súas fincas ou edificacións, que afecten ou poidan afectar á rede xeral e as súas

tomas, serán solicitadas por escrito, describindo expresamente as que se van realizar, debendo ser autorizadas previamente polo Concello, sendo de conta do usuario autorizado o custe das mesmas, debendo ademais asumir o custe íntegro da verificación que deberán realizar os técnicos municipais.

ARTIGO 28. O abonado satisfará ó Concello o importe da auga consumida con arreglo á tarifa vixente, en vista dos datos que arroxen as lecturas dos contadores nos períodos correspondentes.

ARTIGO 29. A vixilancia das tomas de auga efectuarase exclusivamente *polo Concello, por medio do seu persoal, ou no seu defecto, polas contratadas que se poidan realizar*, que coidarán baixo a súa persoal responsabilidade que non se cometa ningún abuso.

Os empregados farán constar as datas das súas visitas de inspección ou lecturas de contadores, anotándoos e asinando o libro correspondente.

ARTIGO 30. Se ó facer a lectura, ou nas visitas de inspección que se xiren, se comprobara que o contador estaba avariado, o Concello requirirá ó usuario que o substitúa ó seu cargo, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte á notificación. Unha vez realizado, o usuario deberá ineludiblemente comunicar ó Concello a substitución realizada, indicando o número de contador, e a lectura que, no seu caso, conste no mesmo, coa finalidade de que os servizos municipais o rexistren no correspondente programa informático.

O contador estará verificado e precintado na forma indicada neste regulamento.

No suposto de que non o fixese no prazo indicado, o Concello cortará o subministro da auga, ata a substitución do contador na forma antes indicada.

ARTIGO 31. Os aboados ou o Concello teñen dereito a solicitar da Delegación de Industria, en calquera momento, a verificación dos contadores instalados.

Comprobado o mal funcionamento dun contador, o Concello procederá a realiza-las rectificacións oportunas, en máis ou menos, polos consumos realizados, tomando como base consumos anteriores do usuario ou por analoxía con outros de características semellantes.

TITULO V.- TARIFAS E PAGO DE CONSUMOS

ARTIGO 32. As tarifas sinalaranse na ordenanza fiscal correspondente. O Imposto do Valor Engadido (IVE) engadirase sempre aparte das tarifas que se aproben, e por conta do usuario, facéndose constar así nos recibos.

ARTIGO 33. O pago da taxa de verificación da acometida efectuarase unha vez autorizada, previa solicitude do interesado acompañada da documentación a que se refire o Art. 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa de subministro de auga domiciliaria, e sempre antes de efectuar a toma, puidéndose esixir un depósito previo en efectivo.

O cobro dos recibos efectuarase por ingreso na conta corrente municipal que sinale o Concello.

Os importes dos recibos que non foran satisfeitos no período voluntario, cobraranse por vía de apremio dacordo con disposicións legais vixentes.

ARTIGO 34. O Alcalde poderá decretar o corte do subministro en casos reiterados de impago de recibos, previa audiencia ó interesado, e sen prexuízo de que os importes pendentes se cobren por vía executiva, de conformidade co indicado no Art. anterior.

TITULO VI.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

ARTIGO 35.- Clases de infraccións.

As infraccións poden ser moi graves, graves e leves.

a) Son infraccións moi graves:

1.- As actuacións e execucións de obras que causen un deterioro grave e relevante en calquera dos equipamentos, ou das instalacións do servizo público de subministración da traída de augas, aínda que teñan permiso ou autorización.

b) Son infraccións graves:

1.- As accións ou execucións que causen danos ós equipamentos ou ás instalacións municipais, sempre que a valoración daqueles estea comprendido entre 751 € e 1.500 €, aínda que teñan permiso ou autorización.

2.- O impedimento ou a grave e relevante obstrucción do normal funcionamento dun servizo público.

3.- O impedimento do uso do servizo público de abastecemento por outra ou outras persoas con dereito a utilización.

4.- Consumir auga da traída municipal sen a pertinente autorización do Concello, sempre que o consumo comprobado, ou no seu defecto, estimado sexa superior a 751€ (incluída esta cifra), calculado de conformidade coas tarifas vixentes establecidas na ordenanza fiscal municipal.

Neste suposto, e para o caso que sexa difícil verificar o consumo producido, realizarase un cálculo estimativo, de tal xeito que se entenderá que o consumo realizado é:

- No caso de vivendas, 50 litros/día por persoa empadroada na vivenda. No suposto de que non estivese ningunha persoa empadroada, estimarase como consumo o realizado o de 200 litros por vivenda ou edificación.

- Para o caso de que o consumo non se realizara para unha vivenda ou edificación, e fose para rego, estimarase un consumo de 250 litros/día.

- No suposto de enchido de piscinas ou depósitos de auga, calcularase o consumo en base á capacidade do vaso da mesma.
- Para o suposto de que o consumo non fose doméstico (granxas, industrias, obradoiros), estimarase no suposto de granxas o consumo diario realizado polo número de animais, máquinas, e instalacións que estean no momento da inspección, en que se verificase o uso fraudulento da auga.

5.- Consumir auga da traída municipal para varias vivendas ou locais, cando só estea autorizado por unha soa, sempre que o consumo comprobado, ou no seu defecto estimado, sexa superior ós 751 € (incluída esta cifra).

c) Son infraccións leves:

1.- As accións ou omisións que causen danos ós equipamentos ou ás instalacións municipais, sempre que a valoración daqueles non supere ós 750 € (incluída esta cifra).

2.- A execución, sen a debida autorización do Concello, de obras ou traballos nas zonas por onde transcorren as tubarías ou instalacións da rede xeral de auga municipal, no suposto de que non se derivasen danos para estas, e a realización de acometidas ou entronques sen autorización municipal.

3.- A instalación de contadores non verificados e non precintados, e sen obter a pertinente autorización municipal.

4.- Consumir auga da traída municipal sen a pertinente autorización do Concello, sempre que o consumo comprobado, ou no seu defecto, estimado sexa inferior a 750 € (incluída esta cifra), a tarifas vixentes establecidas na ordenanza municipal.

A estimación realizarase de conformidade co establecido no aptdo. 4º da letra b) deste Art.

5.- Consumir auga da traída municipal para varias vivendas ou locais, cando só estea autorizado para unha, sempre que o consumo comprobado, ou no seu defecto, estimado sexa inferior ós 750 € (incluída esta cifra). A estimación farase segundo o establecido anteriormente.

Para a determinación do custo do consumo realizado nos apartado 4 e 5 desta letra c), estarase ó establecido no nº 4 da letra b) deste mesmo Art. realizarase da mesma maneira que o indicado no parágrafo anterior para infraccións graves.

6.- A aplicación da auga concedida para usos diferentes do autorizado, sempre que o consumo realizado, ou no seu defecto, estimado non exceda de 750 € (incluída esta cifra). A estimación realizarase segundo o indicado no Art. anterior.

8.- Límites das sanciones económicas

Agás previsión legal distinta, as multas por infracción deste Regulamento deberán respecta-las seguintes cuantías:

Infraccións moi graves: ata 3.000 euros.

Infraccións graves: ata 1.500 euros.

Infraccións leves: ata 750 euros.